

ct

Ninfopoética,  
monólogo poético  
postadolescente

de  
Fátima Delgado

*(fragmento en gallego)*

Personajes:  
FÁTIMA

ESCENA 1  
Al otro lado

*Cuarto de adolescente. Hai distintos obxectos, libros, unha boneca, maletas, un xoiro e mais unha caixa de música.*

FÁTIMA

Amalgama de musas.  
Cres na reencarnación?  
Cruzamos nadando,  
aspirando fumes  
que alimentan o noso *ciego mágico*.  
*Vamos al otro lado*  
a compoñer un súper-poema  
*la anti-utopía*  
o Comunismo  
*El gran poema*,  
está é a realidade?  
Non, non confundamos termos.  
Isto é o REALismo.

*(Soa a canción "Tick of the Clock" de The Chromatics.)*

FÁTIMA

Estamos *al otro lado*  
que soa poético  
e atopamos nese infra-mundo  
de pasarela  
un canario que máis que cantar  
berra.  
*Eres fatalista*  
*y yo, yo soy borde*.  
Love, peace and  
mind  
feeling ou  
energy,  
con enerxía resucito aos mortos.  
*Voamos al otro lado*  
pois aprender *es bueno* que comenta  
*el señor de los anillos*  
mentres alguén bica a  
*la chica previsora*,  
*de rodillas*.  
Xéminis e saxitario

sen ascendentes  
nin descendentes.  
A musa presente que viste  
Cuba en marmóreos ombros  
e mais a musa pasada  
que afia xoves aferrándose  
a unha nebulosa *baranda*.  
Foi no outro lado  
onde se esculpiu  
tan explosiva  
combinación.  
*Mañana,*  
*mañana.*  
*Hoy es jueves,*  
*mañana trabajo.*  
*Mañana,*  
*mañana,*  
*la única palabra que todos los ingleses conocen,*  
*mañana.*  
Non mola levar a necrolóxica enriba,  
no paquete de tabaco.  
*Véndeme uno sin esquila,*  
*este no trae esquila.*  
Cinco euros son cinco gramos  
dez euros = seis gramos?  
*Buah!*  
*Lloro!!*  
*De mayor quiero ser PIROtécnico,*  
é unha profesión xenial.  
Así poderás prender lume  
legalmente  
*al otro lado.*  
Aínda que eu prefiro usar un *boli*  
*regalicia-tico,*  
inventar  
frases de plástico  
e poñerme, colocarme fumando  
versos de chuchameles enloitados.  
*Yo voy a ser*  
*yonqui-poeta*  
e vou ir cazar un home-acuario  
ao Bierzo Rock.  
Que nome tan orixinal!  
*Pero es una buena excusa.*  
*El 11 de diciembre volvemos*  
*volvemos al otro lado*  
a saltar, a dar voltas

ata o desmaio atolado  
*de polen burbujeante.*  
*Siempre* firmo con STR.  
 Como no meu cinto!  
 Es famosa  
 e nós *stoned*.  
 Agora Ti estás *gone*,  
 deixaches detrás túa un ronsel  
 de lunares.  
*Gone*,  
*stoned*.  
 Sempre estoupando  
 petardos de festa.  
*Al otro lado*.

## ESCENA 2

### O diario

*FÁTIMA colle o seu diario e le.*

#### FÁTIMA

*(Lendo.)* 4 de abril de 2004, aniversario de Sara. Quedamos despois de cear na casa de Sara e Esther. Imos as catro ao Baranda, Dosxun: Geles, Ster, Sara e máis eu. Toni e Cris están de acordo. O xoves 8 de abril ás oito, Antiinspiración. Agora toca currar música e poemas.

Luns, 5 de abril de 2004, xa de mañá Ster e mais eu revisando os meus poemas na casa, escoitando música e planeando o espectáculo. A Geles chega máis tarde, tamén trae un par de poemas e o modelo para o cartel. A publicidade e o *marketing* son básicos. Pola tarde seguimos facendo probas e ensaios. Imos falar cos do Sil e logo comeza a pegada de carteis por todo o Barco: dende a igrexa, os baretos, a Casa da Cultura, o Concello, a praza de abastos...

Martes, 6 de abril de 2004, segue a campaña electoral. Seguimos pegando carteis como tolas. Seguen tamén os ensaios na casa da Nancy. Pola tarde ensaio no Baranda, ás sete, Geles, Ster e máis eu. Toni suxire música e facemos probas de voz. Tamén danos a idea de comprar papel ou manteis para poñer no escenario e escribir cousas durante os minutos de silencio. Quedamos de conversa con el e Cris e para a casa. Ceo algo na casa de Ster despois de seguir coa pegada. Tou morta, que difícil é isto de ser artista!

Mércores, 7 de abril de 2004, de niñeira co meu irmán. Quedo con Esther e imos á radio e á Voz de Galicia. O Manu está dun rebelde que non hai quen o ature. Non estou preparada para se nai. A hora de comer un suplicio, que non come. Rifamos e enfádome con el. Logo que non quere ir ao cine. Pois non hai cine! Pola noite quedo coas nenas. Sara volve de Ponfe. Facemos flyers para repartir. Pola noite Sara curra no Baranda. Estase adestrando para a superfinde porque hai moita peña. É a Semana Santa. Ven Geles cos de Quiroga, os de Fai Tun Flai. Seguimos facendo campaña no Kaos, falando con toda a peña invitando ao recital. Logo ven Sara e imos ao Bik Bok, que sitio máis

chungo! E ao Sambo tamén. E a Aidita axúdanos, tamén de campaña.

*(Pausa.)*

FÁTIMA

*(Falando a público.)*

Estamos no 2004, na Semana Santa, en abril. Catro rapazas do Barco e de Vilamartín: Sara, Esther, Ángeles e máis eu, un colectivo estraño amante da cultura, da poesía e da música, que nos facemos chamar Dosxun organizamos o recital que cambiaría a miña vida, que pasaría de poeta a ninfopoeta. Organizamos coa axuda de Toni e Cris, os fundadores do Baranda, un recital que se chamaría Antiinspiración. Un recital que non era un recital, era unha *performance* poética.